



FICHA RESUME

PE 403A 2008/ 79-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARIA DE MOAÑA E CÍES ARTESANAIS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.
Plan explotación ⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE NAVALLA
Réxime ⁽²⁾	ZONA DE LIBRE MARISQUEO
Modalidade ⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA

Especies	Navalla (<i>Ensis arcuatus</i>)
Ambito do plan	Costal Domaio, A Borna, Arroás, O Cocho, Tirán e Rande (excluíndo a zona que vai desde Rande ata punta Aradorio).
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	14	15 mergulladores
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	180										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos en febreiro e marzo.(*). Podería valorarse unha modificación do período de veda, sempre que as entidades aporten un estudo gonadal de navalla no ámbito do plan.											
Modalidade ⁽³⁾ : mergullo en apnea											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X			X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura:

Especies	kg/mergullador/día
Navalla	10 (*) excepto durante os meses de agosto e decembro, así como en dous períodos de 15 días consecutivos no resto do ano que poderá ser de 15.

Artes ou técnica de extracción	Mergullo en apnea
--------------------------------	-------------------

Puntos de control	Zona de traballo (*) As entidades deberán reflectir a situación dos puntos de control nas peticións de apertura mensuais que realicen.
Puntos de venda	Lonxas de Meira e Vigo

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

(*) Modificado por Resolución do 17 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición



Extracción semente para resembrar																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Sementeiras																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Traslados																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Rareos																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Limpezas e arados																				
Zonas:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Outros																				

Outras consideracións ⁽⁹⁾

ESPECIES: como en anos anteriores, exclúese a explotación de longueirón e longueirón vello por non aparecer nas mostraxes e mentres non se comprobe a existencia de biomasa explotable nas zonas de traballo.

ÁMBITO DO PLAN: solicitan a ampliación da zona de traballo ao igual que no plan do 2008, pero non presentan avaliación do recurso das novas zonas, polo que o ámbito do plan será o mesmo que o aprobado para o presente ano, quedando: Costal Domaio, A Borna, Arroás, O Cocho, Tirán e Rande (excluindo a zona que vai desde Rande ata Punta Aradoiro).

A ampliación do ámbito estará condicionada á presentación dunha avaliación da biomasa explotable nas novas zonas e dun cartografiado dos bancos, excepto en Domaio, Xunqueira e Meira. Nestas zonas a explotación de navalla ten lugar con moi pouca profundidade polo que pode interferir coa zona de traballo das mariscadoras a pé que tamén extraen o mesmo recurso. A inclusión destes bancos estaría condicionada a un acordo de separación das zonas de a pé e a flote co colectivo de mariscadoras a pé que traballa na zona.

PARTICIPANTES:

O plan de explotación para o ano 2007 aprobouse con 17 embarcacións e 18 cupos. O plan de explotación para o ano 2008 foi aprobado para 14 embarcacións e 15 mergulladores, sendo excluídas 3 embarcacións ás que non se otorgou a modalidade de navalla e longueirón no seu permiso de explotación (CLAUDIO VI-4-4912, RUBIA VI-4-5108 e ROSA VI-4-4186).

No listado de participantes para o ano 2009, por parte da entidade Cies Artesanais, S.Coo.Galega figuran de novo as embarcacións CLAUDIO VI-4-4912 e RUBIA VI-4-5108, as cales decaeron do seu dereito a participar no plan de explotación, e polo tanto deben ser excluídas de novo do listado de participantes para o ano 2009.



Tamén se exclúe do plan de explotación á embarcación A MI AIRE VI-5-10058 que figura nos listados de ambas entidades, pero que non constaba nos plans presentados ata agora, polo que se trata dunha nova incorporación que supón un aumento con respecto ás embarcacións autorizadas no plan do ano 2008. Tampouco se acepta o incremento dunha praza de mergullador na embarcación JESUS IVAN VI-4-5-06.

Lémbrese que calquera incremento nas prazas con respecto aos participantes aprobados (14 embarcacións e 15 mergulladores) debe ser valorado tecnicamente no marco dos plan de explotación, e no caso de ser aprobada someterse á Resolución de 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos, **non podendo asignarse directamente no plan novas embarcacións ou novos tripulantes a embarcacións que xa participen no plan.**

O plan de explotación queda pechado para o ano 2009 coas seguintes embarcacións: ANA ISABEL VI-4-4391 (1 mergullador), APOLO VI-8-936 (1 mergullador), CUATRO HERMANOS VI-4-5181 (1 mergullador), EUGENIA VI-8-976 (1 mergullador), FERVENZA VI-4-5106 (1 mergullador), ISAURA VI-8-1001 (1 mergullador), JESUS IVAN VI-4-5-06 (1 mergullador), LOLI VI-5-9949 (1 mergullador), MAR ADENTRO VI-4-5-05 (2 mergulladores), MONICA VI-4-5028 (1 mergullador), NURIA VI-2-2301 (1 mergullador), OSCAR VI-4-5330 (1 mergullador), OSCAR VI-5-9943 (1 mergullador) e ROSANA VI-4-5248 (1 mergullador).

Apróbanse como medidas de xestión que o número máximo de días autorizados sexa de 180 e os topes de captura de 10 kg/mergullador/día, (*) excepto durante os meses de agosto e decembro, así como en dous períodos de 15 días consecutivos no resto do ano que poderá ser de 15 kg/mergullador debidamente enrolado e a bordo/día. Os motivos de manter os esforzo pesqueiro como o ano anterior son os seguintes:

1. Non se presenta unha avaliación do recurso que xustifique a proposta realizada. Por outra banda cumpre ter máis datos sobre o estado do recurso nos distintos bancos antes de incrementar o tope de captura e o número de días. O plan iniciou a súa actividade a mediados do ano 2006 polo que é necesario coñecer a evolución da explotación no tempo ante de tomar medidas que podan dar lugar a situacións de sobrepesca.
2. O baixo nivel de participación diario non é motivo para incrementar o esforzo pesqueiro, xa que a avaliación dun plan realizase en base a todos os participantes, días e topes de captura solicitados. Unha baixa asistencia á pesquería pon de manifesto unha mala organización do plan que non reflicte os intereses dos participantes reais do plan, e que dificulta tomar medidas de xestión axustadas ao esforzo pesqueiro real.
3. O plan non presenta división das zonas nin rotación dos bancos, senón que se solicita sempre abrir toda a zona e tampouco define os puntos de control, todo isto demostra unha falta de organización. Por outra banda, tal e como reflicte o propio informe técnico do plan, só poucos mergulladores proporcionan os datos necesarios para o seguemento da pesqueira.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, **os datos da explotación** necesarios para o **seguimento de cada banco** deberán ser remitidos regularmente á Delegación territorial, de xeito que **coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior**, e ademais deben **indicar onde estarán situados os puntos de control**. No caso de que os datos non fosen remitidos por bancos, o que impide o seguemento axeitado da evolución da explotación, só se autorizará unha zona de traballo.

O informe de mergullo emitido en data 21.11.2008 é favorable a execución do plan, sempre e



cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, agás Orlando Rodríguez Rodríguez.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas das zonas de traballo. (*) As coordenadas cartográficas relativas ás subzonas do ámbito do plan non son correctas no banco de Rande, polo que deberán ser corrixiadas.

A confraría de Moaña debe presentar a documentación que acredite a aprobación do plan polo órgano de goberno competente da entidade. (*) A documentación aportada pola confraría de Moaña relativa á aprobación do plan non dá resposta ao solicitado na ficha resumo xa que só se certifica que en reunión dos mergulladores da confraría se decidiu presenta-lo plan de explotación, pero non consta a aprobación da proposta do plan polo órgano de goberno competente da confraría (cabido ou xunta xeral)

Recomendacións técnicas para a mellora do plan:

- Explotación mediante rotacións dos bancos.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negra o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración